



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

METEOGALICIA
Informe climatolóxico
Mes de febreiro 2009

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE FEBREIRO 2009



1.- Resumo

Mes frío e seco, con predominio anticiclónico na segunda metade

O mes de febreiro pódese dividir claramente en dúas partes ben diferenciadas. Por unha banda nos primeiros 10 días estivemos cunha situación moi inestable, que continuaba á do mes anterior. Esta situación viña determinada pola presenza de aire frío en altura que alimentaba sucesivas borrascas. A partir do día 10 este aire frío desprazouse cara o leste de Europa e un anticiclón situouse ó norte da península Ibérica, propiciando un longo período de estabilidade. Así, nos primeiros 10 días do mes tivemos precipitacións xeneralizadas, destacando principalmente os días 4, 5 e 9. Nesta última xornada tivemos un novo caso de cicloxénese explosiva, aínda que desta volta, e a diferenza do acontecido dúas semanas antes con Klaus, o centro desta cicloxénese moveuse algo máis ó norte, de xeito que os refachos de vento non foron tan intensos. De calquera xeito durante esta xornada practicamente en toda Galicia se superaron os 100 km/h. Esta cicloxénese marcou o final dunha etapa moi inestable, quedando o día 10 Galicia aínda con chuvascos e baixas temperaturas, pero a partir do día 11 as altas presións situáronse estacionarias ó norte da península Ibérica, facendo de barreira para a chegada de calquera fronte ou inestabilidade dende o Atlántico. Este anticiclón estivo practicamente sen cambios ata o derradeiro día do mes, deixando 18 días consecutivos de tempo seco e soleado en xeral. As néboas predominaron durante as mañás no interior, mentres que soamente se viron algunhas nubes no norte de Lugo. En canto as temperaturas a nota dominante foron as baixas temperaturas nocturnas, con presenza de xeadas, e altas temperaturas diúrnas, chegando a dispararse ata valores próximos ós 25°C.

Temperatura

As temperaturas medias do mes estiveron lixeiramente por debaixo do agardado neste mes. Sen embargo, se examinamos as temperaturas mínimas e máximas por separado, vemos comportamentos diferentes. Así, os valores máximos estiveron por riba dos agardados, mentres que as mínimas presentan valores por debaixo dos normais. Este comportamento responde a permanencia dun anticiclón durante a maior parte do mes.

Precipitación

O mes pode considerarse en xeral seco ou moi seco debido ó longo período anticiclónico de tempo seco e soleado. Aínda así houbo zonas de Galicia, nomeadamente a provincia de Ourense, onde as chuvias acumuladas foron suficientes para considerar o mes normal debido ó período de chuvias dos primeiros 10 días. A zona onde o déficit foi máis acusado é novamente o área das Rías Baixas.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMADS), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual o maior a 1 mm

CIS FERROL

	FEBREIRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	10.3	11.0	13.4 (1990)	9.3 (1981/83)
T ^a mínima media	7.2	8.1	10.8 (1990)	6.1 (1981)
T ^a mínima absoluta	3.5(día 7)	0.2 (15/02/1983)		
T ^a máxima media	14.6	13.8	16.7 (1998)	11.8 (1973)
T ^a máxima absoluta	22.1 (día 26)	24.6 (27/02/1997)		
Precipitación acumulada	64	77-101	234 (1979)	18 (1993)
Días de chuvia (≥1mm)	9	14	23 (1986)	3 (1993)

Comentario:

Mes frío en xeral, especialmente no que respecta ás temperaturas medias e mínimas con ata un 1 °C por debaixo do agardado. As temperaturas máximas sen embargo, foron mais altas do agardado.

A chuvia acumulada e o número de días de chuvia son baixos con respecto os valores normais, polo que o mes pode considerarse "seco"



SANTIAGO

	FEBREIRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	8.6	9.6	11.8 (1998)	7.4 (1983)
Tª mínima media	4.1	5.6	9.0 (1990)	3.5 (1984)
Tª mínima absoluta	1.0 (día 3)	-2.7 (16/02/1983)		
Tª máxima media	14.5	13.6	17.6 (1998)	10.5 (1983)
Tª máxima absoluta	22.5 (día 26)	22.8 (22/02/1990)		
Precipitación acumulada	67	153-170	347 (1986)	25 (1993)
Días de chuvia (≥1mm)	7	14	22 (1986)	4 (1993/98)

Comentario:

*Mes moi frío en temperaturas medias e especialmente en temperaturas mínimas, máis de 1 °C por debaixo do agardado. En canto as máximas o mes pódese considerar “cálido”**.*

A precipitación acumulada o mes pode considerarse moi seco o que se reflicte tamén no número de días de chuvia moi inferior ao valor agardado.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

** hai que ter en conta que os valores climáticos cos que se comparan os datos desta estación foron obtidos cun período máis cálido (1982-2003) que o do resto dos casos (1973-2003)

LUGO

	FEBREIRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	6.0	7.5	10.7 (1990)	3.9 (1981)
Tª mínima media	1.3	3.3	7.5 (1990)	-1.1 (1981)
Tª mínima absoluta	-2.6 (día 21)	-9.0 (17/02/1983)		
Tª máxima media	12.8	11.7	16.1 (1998)	9.0 (1981)
Tª máxima absoluta	21.2 (día 27)	23 (27/02/1997)		
Precipitación acumulada	54	63-90	275 (1979)	22 (1992)
Días de chuvia (≥1mm)	10	12	23 (1977)	3 (1992/98)

Comentario:

Mes moi frío en canto as temperaturas mínimas e medias con máis de 1°C por debaixo do valor agardado, sen embargo as temperaturas máximas foron altas neste mes superándose nun 1°C o seu respectivo valor climático.

A precipitación acumulada pode considerarse lixeiramente inferior ao valor normal o memos lle ocorre aos días de chuvia.



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	FEBREIRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	9.4	10.1	12.8 (1990)	8.4 (1973)
Tª mínima media	4.3	5.4	9.7 (1990)	3.2 (1999)
Tª mínima absoluta	0.2 (día 3)	-2.8 (12/02/1978)		
Tª máxima media	16.0	14.8	18.3 (1998)	12.5 (1983)
Tª máxima absoluta	22.2 (día 27)	23.5 (14/02/1998)		
Precipitación acumulada	68	148-187	526 (1979)	12 (1993)
Días de chuvia (≥1mm)	6	13	23 (1977)	3 (1992)

Comentario:

Mes frío respecto ás temperaturas medias e mínimas mentres que respecto as temperaturas máximas o mes pode considerarse moi cálido con máis de 1°C na media con respecto o respectivo valor climático.

A chuvia recollida e o número de días de chuvia son inferiores aos valores climáticos, polo que o mes pode considerarse “moi seco”

OURENSE

	FEBREIRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	8.4	9.3	12.3 (1990)	6.5 (1981)
Tª mínima media	2.8	3.8	8 (1990)	0.7 (1992/93)
Tª mínima absoluta	-0.4 (día 3)	-5.2 (12/02/1978)		
Tª máxima media	15.9	14.8	18.9 (1998)	11.3 (1981)
Tª máxima absoluta	23.8 (día 27)	24.8 (25/02/2000)		
Precipitación acumulada	72	57-70	245 (1979)	4 (1993)
Días de chuvia (≥1mm)	6	10	21 (1977)	1 (1992)

Comentario:


Mes “frío” en canto ás temperaturas medias e mínimas con 1°C menos que os valores agardados. Respecto as máximas o mes pódese considerar cálido máis de 1°C por riba do agardado.

O número de días de chuvia é moi inferior ao agardado, sen embargo o mes queda lixeiramente por riba do valor agardado, o mes pódese considerar “normal” en canto a precipitación.




3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa





3.3.- Temperatura media das máximas




Tmáx -- 02/2009

www.meteogalicia.es



3.4.- Temperatura media das mínimas



Tmín -- 02/2009

www.meteogalicia.es

